

PROGRAMACIÓN
4º E.P.
EDUCACIÓN VIAL:
***“MOBILIDADE ESCOLAR
SEGURA, SOSTIBLE E
ACCESIBLE”***

CEIP A SOLAINA (NARÓN)

ÍNDICE

1.- INTRODUCCIÓN

2.- METODOLOXÍA DE TRABALLO

Aprendizaxe baseado en Proxectos

Aprendizaxe cooperativo

Gamificación

3.- BLOQUES DE CONTIDOS

Bloque 1.- Coñecemento da contorna física

Bloque 2.- Actuación como peóns: dereitos e deberes

Bloque 3.- Comportamento como ciclistas: normativa e putas básicas de mantemento das bicicletas

Bloque 4.- Primeiros auxilios

4.- PLANIFICACIÓN ANUAL E OBXECTIVOS

5.- CONCRECIÓN CURRICULAR

6.- AVALIACIÓN DAS APRENDIZAXES

1.- INTRODUCCIÓN

Dende a DGT a través de Educación Vial da Xefatura Provincial de Tráfico de A Coruña e do Equipo de Educación Vial do Concello de Narón, foron elaboradas un conxunto de propostas de actividades a desenvolver na aula e fóra dela. Para o desenvolvemento de esta materia de libre configuración para o nivel 4º de E. Primaria, contarase con material ofrecido pola DGT, polo Concello de Narón, pola fundación Mapfre e Fundación CNAE.

2.- METODOLOXÍA DE TRABALLO

Aprendizaxe baseado en Proxectos

Permitirá ao alumnado adquirir coñecementos e competencias a través da elaboración de proxectos que dean resposta a problemas reais da vida cotiá. A partires dun problema concreto e real, esta metodoloxía garantirá procesos de aprendizaxe máis didácticos, eficaces e prácticos e permitirá desenvolver competencias complexas como o pensamento crítico, a comunicación, a colaboración e a resolución de problemas.

Aprendizaxe cooperativo

Metodoloxía que servirá para agrupar ao alumnado, permitindo que melloren a atención e a adquisición de coñecementos. O obxectivo é que cada membro dun grupo establecido realice con éxito as súas tarefas apoiándose no traballo das demais persoas.

Gamificación

Baseándonos na integración de mecánicas e dinámicas de xogo e videoxogos en entorno non lúdicos, co fin de potenciar a motivación, a concentración, o esforzo, a fidelización e outros valores positivos común a todos os xogos.

Todo isto, levarase a cabo a través de propostas abertas e flexibles, ás cales nos iremos axustando en función das condicións do noso Centro, ás características do alumnado e do propio grupo aula.

As propostas levaranse a cabo a través de actividades con diferentes tipos de agrupamentos:

- Individual: favorecendo a reflexión e a práctica.
- Grupo pequeno: para levar a cabo experiencias, proxectos...
- Grupo medio (grupo-clase): para realizar saídas, debates, explicacións, desacordos...

Estes agrupamentos, fomentarán actitudes de respecto e colaboración, axuda e orde.

3.- BLOQUES DE CONTIDOS

O contido desta materia de libre configuración dividirase en 4 bloques.

Dentro de cada un, dotarase ao alumnado dos coñecementos teóricos e recursos didácticos necesarios desenvolvendo os mesmos a través de xogos, fichas... para posteriormente desempeñar o rol de xogadores, o que significa unha maior implicación na actividade.

Os bloques que trataremos serán os seguintes:

Bloque 1.- Coñecemento da contorna física.

Bloque 2.- Actuación como peóns: dereitos e deberes.

Bloque 3.- Comportamento como ciclistas: normativa e pautas básicas de mantemento das bicicletas.

Bloque 4.- Primeiros auxilios.

4.- PLANIFICACIÓN ANUAL E OBXECTIVOS

A continuación exporanse as actividades que realizará a Equipa de Educación Vial do Concello de Narón e outras programadas para realizar na aula polo titor/a.

Ao inicio do curso, propoñerase realizar polo alumnado un Calendario de parede grande, indicando os bloques que se traballarán distribuídos por meses e os días claves, tamén por mes, en relación á Educación Vial (xa sinalados na planificación). Este calendario será un referente da estrutura desta materia e lles guiará durante o curso escolar, podendo ter apartados mensuais onde destacar frases, adhesivos, debuxos do que aprenderon e outros aspectos que queiran puntualizar e ter como recordatorio e que despois lles axudará tamén para realizar actividades da materia.

Bloque1.- Coñecemento da contorna física

OBXECTIVOS:

- Coñecer e analizar a contorna física máis próxima, en relación co tráfico.
- Identificar modos habituais de desprazamento pola contorna.
- Vantaxes de ir camiñando, bicicleta ou patinete á escola e a outros lugares accesibles. Outros medios de transporte escolar.
- Identificar modos sostibles de desprazamento, asociándoos coa calidade de vida, saúde e medio ambiente.
- Valorar a necesidade dun cambio de hábitos de mobilidade en el e nas demais persoas.
- Detectar problemas de accesibilidade nas contornas máis inmediatas; por exemplo, no acceso ao centro escolar.

SETEMBRO	
CELEBRACIÓN	
Días 16 - 22	Semana Europea da mobilidade
Día 22	Día sen coches
Actividades Ed.Vial	Recursos Didácticos
Saída en bicicleta	Bicicleta
Actividades Centro	Recursos Didácticos
ACTIVIDADE 1: Camiño Escolar Seguro- Pegadas. Realizar saída do colexio para coñecer camiños escolares seguros na contorna do colexio (Obxectivos que fomenta o camiño escolar seguro "Pegadas"). Sinalización que se utiliza. Formas de desprazamento de casa ao colexio.	Vídeo dos camiños escolares de Narón. PRODUCTO FINAL: Enquisas/entrevistas para a recollida de datos, posta en común e análise da situación.
ACTIVIDADE 2: Mapa da nosa contorna. Realización do mapa metrominuto, sinalizando o recorrido, por exemplo, casa – colexio, casa – biblioteca, casa – Odeón... Esta actividade pódese realizar a principio de curso cunhas indicacións moi básicas e volver a realizala a final de curso, pero xa facendo referencia a elementos que nos encontramos en dito camiño (pasos, sinais...)	Unidade didáctica da DGT https://www.dgt.es/PEVI/GuiaDidacticaEducacionVial/index.html#/intromenu https://ciudadesquecaminan.org/accion/metrominutos

OUTUBRO	
CELEBRACIÓN	
Día 24	Día Internacional contra o cambio climático
Día 31	Día mundial das cidades
Actividades Ed.Vial	Recursos Didáticos
Obradoiro medio ambiente	Temario sobre medio ambiente
Actividades Centro	Recursos Didáticos
<p>ACTIVIDADE 1: Cambio nos hábitos de desprazamento cara modelos máis activos e sostibles.</p> <p>Que podemos facer para producir estes cambios nos hábitos de desprazamento? Valorar a importancia de realizar desprazamentos activos e beneficiosos que impliquen unha mellora para a saúde e o medio ambiente. Choiva de ideas.</p>	<p>PRODUCTO FINAL:</p> <p>Realización dun teatro de títeres.</p>
<p>ACTIVIDADE 2: Tráfico, mobilidade e cambio climático. Que podemos facer?</p> <p>Analizar como afecta o tráfico e os vehículos a motor ao clima. Pódese recoller información relativa á contaminación, fotos, situación que afectan a todo iso... Reflexionar e buscar solución para unha cidade ideal.</p>	<p>PRODUCTO FINAL:</p> <p>Book con fotos, debuxos e comentarios/póster/maqueta</p>

Bloque 2.- Actuación como peóns: dereitos e deberes

OBXECTIVOS:

- Principios fundamentais que deben seguir os peóns. Normativa para peóns: dereitos e deberes.
- Sinais de tráfico para os peóns.
- Coñecer normas de comportamento e convivencia segura de peóns.

NOVEMBRO	
CELEBRACIÓN	
Día 20	Día universal do neno
Actividades Ed.Vial	Recursos Didáticos
Obradoiro sobre comportamento e normativa como peón, ciclista e vehículos de mobilidade persoal.	Presentación en Power Point peón, ciclista e V.M.P.
Actividades Centro	Recursos Didáticos
ACTIVIDADE 1: Nenos e nenas teñen moito que dicir. Reflexionar sobre a importancia que ten que nenos e nenas xoguen nas rúas. Implicar ao profesorado no cambio de hábitos de desprazamento. Dar exemplo: deixaremos o coche e nos moveremos activamente.	PRODUCTO FINAL: Entrevistar a pais/nais/profesorado. Como ían ao colexio? Xogaban na rúa? E nós? Mesa de debate Decálogo de consellos de fillos/as a pais/nais/profesorado
ACTIVIDADE 2: Eduquemos cara unha mobilidade sostible, activa e segura. Identificar comportamentos axeitados e desaxeitados dos peóns. Como se poden facer cambios? Analizar factores de risco: Os peóns: normas de comportamento e convivencia seguros. Reflexionar e buscar solución para unha mellor convivencia cidadá na que interactúan peóns, ciclistas, coches...	Caderno de traballo do peón Caderno de actividades e libro de lectura "De bruces" Unidade didáctica DGT

DECEMBRO	
CELEBRACIÓN	
Día 10	Día dos dereitos humanos
Día 11	Día internacional da radio e a TV a favor da infancia
Actividades Ed.Vial	Recursos Didáticos
Obradoiro sobre comportamento e normativa como peón, ciclista e vehículos de mobilidade persoal.	Presentación en Power Point peón, ciclista e V.M.P.
Actividades Centro	Recursos Didáticos
ACTIVIDADE 1: Dominó da Educación Vial. Realización de fichas realizadas polo alumnado, figuras relacionadas cos peóns (semáforos, sinais específicas, pasos para peóns, mascota dos camiños escolares...). Poden interrelacionar coa temática de medio ambiente (contedores...)	PRODUCTO FINAL: Dominó de Educación Vial.
ACTIVIDADE 2: Corredor activo Os corredores activos son un grupo de actividades e adaptacións coidadosamente deseñadas para brindar a información sensorial e de aprendizaxe que os nenos necesitan. Interpretan imaxes ou símbolos relacionados con temática de medio ambiente, peóns e ciclistas. Adquirir conceptos relacionados con comportamentos e normas básicas como peóns e ciclistas.	PRODUCTO FINAL. Patio interior do colexio de educación vial.

Bloque 3.- Comportamento como ciclistas: normativa e pautas básicas de mantemento das bicicletas

OBXECTIVOS

- Principios fundamentais que deben seguir os ciclistas. Normativa para ciclistas: dereitos e deberes.
- Sinais de tráfico relacionadas con ciclistas.
- Coñecer normas de comportamento e convivencia segura de ciclistas.
- Identificar e respectar as normas de educación vial ao realizar saídas fóra do colexio.
- Coñecer as pautas básicas de mantemento da bicicleta.

XANEIRO	
CELEBRACIÓN	
Día 26	Día mundial da educación ambiental

Día 30	Día escolar da paz e da convivencia
Actividades EdVial	Recursos Didáticos
Obradoiro pautas básicas de mantemento da bicicleta.	Presentación en Power Point sobre pautas de mantemento das bicicletas.
Actividades Centro	Recursos Didáticos
<p>ACTIVIDADE 1: Eduquemos cara unha mobilidade sostible, activa e segura</p> <p>Identificar comportamentos axeitados e desaxeitados de ciclistas. Como se poden facer cambios? Analizar factores de risco:</p> <p>Ciclistas e outros condutores/as: normas de comportamento e convivencia seguros.</p> <p>Reflexionar e buscar solución para unha mellor convivencia na que interactúan ciclistas, peóns...</p>	<p>Caderno de traballo ciclista.</p> <p>Caderno de actividades e libro de lectura "De bruces".</p> <p>Unidade didáctica DGT.</p>
<p>ACTIVIDADE 2: Bicicleta: saúde e deporte.</p> <p>Valorar as vantaxes e beneficios do uso da bicicleta. Que nos aporta e que aportamos ás demais persoas?</p>	<p>PRODUCTO FINAL:</p> <p>Deseñamos e construímos a nosa bicicleta con material de reciclaxe.</p>

FEBREIRO	
CELEBRACIÓN	
Día 13	Día mundial da radio
Actividades EdVial	Recursos Didácticos
Circuito de habilidade en bicicleta para coñecer como utilizar de forma correcta este medio de desprazamento.	Bicicleta
Actividades Centro	Recursos Didácticos
ACTIVIDADE 1: Decoración de cascos e patinetes. Utilizárase material diverso como adhesivos, elementos reflectores... para a decoración de cascos ou patinetes.	Material para decoración.
ACTIVIDADE 2: Compañías de slogans de Seguridade Vial. Crear un anuncio para a radio ou prensa enfatizando algo do aprendido sobre as vantaxes e beneficios do uso da bicicleta.	PRODUCTO FINAL: Pequena narración baseada nos beneficios e vantaxes do uso da bicicleta.

MARZO	
CELEBRACIÓN	
Día 21	Día internacional dos bosques
Día 22	Día mundial da auga
Día 26	Día mundial do clima
Actividades EdVial	Recursos Didácticos
Obradoiro sobre os tanques de tormenta.	
Actividades Centro	Recursos Didácticos
<p>ACTIVIDADE 1: Peón dixital. Coñecer todos os riscos que se presentan como peón facendo uso das tecnoloxías.</p>	<p>Información sobre peóns dixital Infografía “peóns e smartphones, un risco en aumento” – Fundación Mapfre</p> <p>PRODUCTO FINAL: Elaboración dun pequeno vídeo (1 min) estilo TikTok, por grupos, no que e podería expoñer a todo o colexio, e incluso, aos mellores publicitarios a través da web municipal (podería ser como unha campaña publicitaria).</p>
<p>ACTIVIDADE 2: Sistemas de retención infantil. Explicación sobre os sistemas de retención infantil que existen, valorando a importancia do seu uso. O material elaborado nesta actividade sería para levar para casa e ensinarllo á familia. A familia tamén como eslabón de aprendizaxe e mellora.</p>	<p>Información sobre os diferentes sistemas de retención infantil. Infografía “Abróchate á seguridade” – Fundación Mapfre Cartel “Sempre seguros” – DGT</p> <p>PRODUCTO FINAL: Elaboración nunha cartolina, que se dividirá en seccións, coa información de cada persoa da unidade familiar que teña o alumnado, onde figure: Nome, apelidos e sistema de retención que utiliza (Se tivera irmás que SRI utilizaría e por que).</p>

Bloque 4.- Primeiros auxilios

OBXECTIVOS:

- Realizar primeiros auxilios valorando a importancia de previr accidentes no rol de peón ou ciclista.
- Coñecer e estar formados da conduta PAS
- Identificar os pasos de protocolo de reanimación cardiopulmonar

ABRIL	
CELEBRACIÓN	
Día 6	Día internacional do deporte para o desenvolvemento e a paz
Día 7	Día mundial da saúde
Día 19	Día mundial da bicicleta
Día 22	Día internacional da terra
Actividades EdVial	Recursos Didácticos
Obradoiro de primeiros auxilios.	Temario sobre primeiros auxilios
Actividades Centro	Recursos Didácticos
ACTIVIDADE 1: Investigador de Seguridade Vial. Durante todo o mes, investigarán dentro da seguridade vial, aspectos que queiran mellorar ou innovar. Poderán buscar apoio en familiares. Todo o que observen o plasmarán por escrito.	PRODUCTO FINAL: Elaborarán un carne para cada persoa (foto, nome e apelidos). Nun documento único do que investiguen, se poderá entregar co Concello para que sexa revisado polo servizo municipal correspondente, sendo susceptible de mellora.
ACTIVIDADE 2: O teu colexio a túa cidade. O interior da maioría dos colexios é como unha cidade (entradas, saídas). Actualizar esta cidade interior no que sexa necesario, realizando sinais verticais ou horizontais segundo as necesidades.	PRODUCTO FINAL: Mellora da cidade dentro do colexio, realizando adaptacións ou creación novas.

MAIO	
CELEBRACIÓN	
Día 15	Día internacional das familias
Día 17	Día mundial das telecomunicacións e da sociedade de información
Actividades EdVial	Recursos Didáticos
Obradoiro de primeiros auxilios.	Temario sobre primeiros auxilios.
Actividades Centro	Recursos Didáticos
<p>ACTIVIDADE 1: Trivial de educación Vial.</p> <p>Elaborar un trivial con 4 ou 6 temas (queixiños) sobre a base do propio Trivial. Por exemplo: peóns, bicicletas, medio ambiente, primeiros auxilios... realizando preguntas sobre temas tratados durante o curso.</p>	<p>PRODUCTO FINAL:</p> <p>O alumnado creará o seu propio xogo co material necesario para levalo a cabo por si mesmos ou outras persoas. Farán instrucións de xogo e solución aparte.</p>
<p>ACTIVIDADE 2: Pasapalabra</p> <p>Crear definicións sobre distintas palabras relacionadas coa educación Vial sobre a base do xogo pasapalabra. Pódense facer varias equipas e que cada unha delas elabore as súas propias regras</p>	<p>PRODUCTO FINAL:</p> <p>O alumnado creará o seu propio xogo co material necesario para levalo a cabo por si mesmos ou outras persoas. Farán instrucións de xogo e solución aparte.</p>
<p>ACTIVIDADE 3: Quen é quen</p> <p>Elaboración de cartas con debuxos de internet ou os seus propios debuxos de temas relacionados coa Educación Vial, recreando o propio xogo de quen e quen.</p>	<p>PRODUCTO FINAL:</p> <p>O alumnado creará o seu propio xogo co material necesario para levalo a cabo por si mesmos ou outras persoas. Farán instrucións de xogo e solución aparte</p>
<p>ACTIVIDADE 4: Kahoot</p> <p>Realización de preguntas mediante a aplicación, sobre cada bloque dos contidos traballados, con preguntas tipo test con varias respostas alternativas.</p>	<p>PRODUCTO FINAL:</p> <p>O alumnado creará o seu propio xogo con Kahoot preparando preguntas tipo test, para levalo a cabo por si mesmos ou outras persoas. Farán instrucións de xogo e solución aparte.</p>

XUÑO	
CELEBRACIÓN	
Día 3	Día mundial da bicicleta
Día 5	Día mundial do medio ambiente
Día 10	Día mundial da seguridade vial
Actividades EdVial	Recursos Didáticos
XV Marcha ciclista escolar.	Bicicleta
Actividades Centro	Recursos Didáticos
ACTIVIDADE 1: A xogar Xogarán cos outros 2/3 xogos creados polos outros colexios participantes	Xogos: Trivial Pasapalabra Quen é quen

ACTIVIDADES ANEXAS: Posibilidade de participar nos Premios Nacionais de Curtametraxe de Educación Vial. Máis información na seguinte enlace:

<https://www.premioseducacionvial.com/>

5.- CONCRECIÓN CURRICULAR

Obxectivos	Contidos	Criterios de Avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias
a c d	B.1.1. Coñecemento do entorno físico máis próximo (Centro escolar, barrio e domicilio) en relación coa mobilidade	B.1.1. Desenvolver habilidades, capacidades perceptivo motrices e estratexias que faciliten a consecución dunha mobilidade segura.	EVB.1.1.1. Adapta o movemento seguro a estímulos externos visuais e auditivos EVB.1.1.2. Observa as necesidades do entorno respecto as normas de educación viaria EVB.1.1.3. Distingue e	CCL CSC

			coñece as características e normas das zonas urbanas e zonas interurbanas	
			EVB.1.1.4. Identifica cales son os modos de desprazamento habituais na súa contorna	
a c	B.1.2. Principios fundamentais que deben seguir os peóns. Normativa para peóns: dereitos e deberes. Coñecer os factores de risco e adquirir estratexias preventivas	B.1.2. Coñecer as normas de circulación peonil e adquirir estratexias de prevención e prudencia no uso das vías públicas urbanas e interurbanas como peón, identificando os seus diferentes elementos e características	EVB.1.2.1. Compara e interpreta distintos comportamentos peonís básicos. EVB.1.2.2. Valora un adecuado comportamento como peón no uso das beirarrúas, os pasos para peóns e os semáforos EVB.1.2.3. Recoñece o rol e riscos que asumimos cando nos movemos a pé.	CCL CSC
a c g	B.1.3 Sinais de tráfico para peóns, verticais, horizontais, luminosas e dos axentes de policía	B.1.3. Valorar as normas e sinais de seguridade viaria	EVB.1.3.1. Recoñece e interpreta o significado dos sinais de tráfico de uso frecuente, verticais e horizontais EVB.1.3.2.	CSC CMCCT CCL

			Explica oralmente e por escrito a importancia de respectar os sinais de tráfico	
			EVB.1.3.3. Identifica figuras xeométricas (triángulos, cuadriláteros, círculos...) presentes na vía pública, utilizando o coñecemento que ten das mesmas para a identificación e construción de sinais de circulación.	
a k n	B.1.4. Vantaxes de ir camiñando á escola e a lugares accesibles e seguros. Relación entre esta práctica e a saúde	B.1.4. Identificar os modelos sustentables dos desprazamentos, entre eles camiñar, e asocialos coa calidade de vida e a saúde	EVB.1.4.1. Relaciona hábitos saudables como camiñar e pedalear coa calidade de vida EVB.1.4.2. Recoñece e cualifica negativamente as condutas sedentarias que se producen nas actividades cotiás de desprazamento	CAA CSC
a c n	B.1.5. Principios fundamentais	B.1.5. Coñecer as normas	EVB.1.5.1. Coñece os dereitos e	CAA CSC CCL

	que deben seguir os ciclistas. Normativa para ciclistas: dereitos e deberes. Elementos de seguridade na bicicleta, uso do casco, uso do timbre, uso das luces e uso de reflectores	básicas para o uso seguro da bicicleta no espazo público. Beirarrúas e carril bici. Desenvolver valores de empatía entre peón e condutor.	riscos que tendo se move en bicicleta e as condutas e hábitos recomendables EVB.1.5.2. Realiza simulacións para exemplificar as manobras que se deben utilizar nos desprazamentos en bicicleta EVB.1.5.3. Explica aos seus compañeiros/as as características dos elementos obrigatorios da bicicleta	
b g n j	B.1.6. Desenvolvemento de actitudes, valores, competencias e comportamentos como ciclista seguro	B.1.6. Ser capaz de compartir os seus coñecementos como ciclista co resto da comunidade educativa	EVB.1.6.1. Deseña circuitos de educación viaria dentro do colexio para alumnos/as de niveis inferiores como peóns e ciclistas EVB.1.6.2. Elabora sinais de tráfico e carteis de normas de circulación viaria para o centro escolar	CAA CSC CSIEE CMCCT

k n	<p>B.1.7. Vantaxes de ir en bicicleta á escola e a outros lugares accesibles, para a saúde e para o ambiente. Outros medios de transporte escolar (patíns e patinetes)</p>	<p>B.1.7. Saber as vantaxes que nos ofrece o uso da bicicleta, patín ou monopatín a nivel de saúde persoal e ambiental</p>	<p>EVB.1.7.1. Valora os beneficios de usar a bicicleta como medio de desprazamento</p> <p>EVB.1.7.2. Demostra autonomía e confianza en diferentes situación, resolvendo problemas motores en bicicleta</p> <p>EVB.1.7.3. Recoñece o rol e os riscos que asumimos cando nos movemos segundo os elementos empregados: en bicicleta</p>	CAA CSC
c n	<p>B.1.8. Identificación e práctica de coñecementos básicos da mecánica da bicicleta. Taller básico de bicicleta</p>	<p>B.1.8. Coñecer as aputas básicas de mantemento da bicicleta: limpeza, sistema de velocidades, rodas, freos e altura do sillín</p>	<p>EVB.1.8.1. Coñece os beneficios dos platos da bicicleta</p> <p>EVB.1.8.2. Sabe comprobar o correcto estado dos freos e dos cambios</p> <p>EVB.1.8.3. Identifica o inchado correcto das rodas da súa bicicleta e dos seus</p>	CAA CSC

			compañeros/as	
			EVB 1.8.4. Sabe conducir cunha man e sinalizar coa outra	
			EVB 1.8.5. Demostra autonomía para colocar correctamente o sillín da bicicleta	
k c n	B.2.1. Os primeiros auxilios. Como intervir en caso de accidente	B.2.1. Ser capaz de utilizar procedementos e técnicas de primeiros auxilios en situación da vida cotiá. Protocolo PAS: previr, avisar, socorrer.	EVB.2.1.1. Planifica e aplica medidas de prevención de riscos e accidentes EVB.2.1.2. Valora a importancia de atender a tempo e ben, en caso de accidente e de estar formados na conducta PAS e na cadea de supervivencia EVB.2.1.3. Coñece e utiliza as técnicas de primeiros auxilios en situación simuladas e reais EVB.2.1.4. Explica de forma oral os pasos do protocolo de reanimación	CSC CCL

			cardiopulmonar	
b l n	B.2.2. Identificación das causas e factores de grupos de risco nos accidentes de tráfico	B.2.2. Valorar as normas de seguridade viaria, analizando as causas e consecuencias dos accidentes de tráfico	<p>EVB.2.2.1. Colabora nas campañas escolares sobre a importancia do respecto das normas de educación viaria</p> <p>EVB.2.2.2. Coñece os accidentes máis frecuentes na mobilidade</p> <p>EVB.2.2.3. Expón as causas de diferentes accidentes de tráfico</p>	CSC CSIEE CCL
b c d i	B.2.3. Busca, selección, análise e elaboración de información en relación cos accidentes de tráfico	B.2.3. Investigar sobre a prevención de accidentes de tráfico xeando iniciativas e alternativas persoais	EVB.2.3.1. Investiga sobre as principais causas dos accidentes de tráfico coa axuda das novas tecnoloxías e as redes sociais	CSC CD CAA
a c n	B.2.4. Saídas fóra do colexio como peón ou ciclista	B.2.4. Identificar e respectar as normas de educación vial ao realizar saídas fóra do colexio	EVB.2.4.1. Recoñece as normas traballadas na aula nas saídas fóra do colexio	CAA CSC

6.- AVALIACIÓN DAS APRENDIZAXES

Para realizar a avaliación debemos seleccionar aqueles procedementos ou instrumentos que nos permitan obter a información necesaria para determinar en que medida se conseguiron os obxectivos previstos. Para iso utilizaremos:

Técnicas de observación: a observación directa realizada de forma sistemática garante maior obxectividade na avaliación, ben sexa de xeito directo ou indirecto: a participación, o traballo en equipo, actitude de responsabilidade, adquisición e aplicación do aprendido, compañeirismo, esforzo e o interese por mellorar.

Entrevistas, recollida de datos, traballos escritos: terase en conta a súa creatividade, presentación, estrutura...que se deixarán reflectidas por escrito. Os estándares que teñen que ver co traballo escrito, valoraranse a través da corrección dos textos.

Autoavaliación: realizarase ó final das unidades por parte do mestre/a.